

'A luz e as súas cicatrices', último poemario da escritora Eva Veiga

LITERATURA ▶ O editor Fernando Bores presentou o último libro da poetisa xunto con Francisco Fernández Naval e Luz Pozo Garza ▶ A autora tivo unha emotiva lembranza para a súa amiga Luisa Villalta, finada hai dous anos

ALBINO MALLO • A CORUÑA

Un libro cada seis anos, pero unha poesía cada día ou para ser máis concreto, a poesía é a vida de Eva Veiga que acaba de presentar *A luz e as súas cicatrices* o seu terceiro poemario publicado dentro da colección Esquíu, precisamente a mesma na que saíu o primeiro *Fuxidíos* co que obtivo o accésit do premio que dá nome á editorial.

A presentación de Eva como escritora non é necesaria, porque ten personalidade definida e é coñecida dabondo, pero a do libro foi por todo o grande a través do editor Fernando Bores e dos poetas Francisco Fernández Naval e Luz Pozo Garza, curiosamente, os mesmos que faloron cando deu a coñecer o segundo libro, *Paisaxes do baleiro*.

A propia Eva dixo que "presentar un libro é un motivo de gozo, pero tamén de desacougo. Non se sabe como vai caer, pero eu escribo con todos os riscos, porque sinto a necesidade de comunicarme". Tivo unha lembranza para a que fora a súa amiga Luísa Villalta, finada hai dous anos, e considerouse honrada por figurar, agora xa dobremente, na colección Esquíu.

As verbas de Eva Veiga non tiveron desperdicio e cada frase foi unha sentenza. "Somos o que somos, pero tamén somos o que contamos" dixo, e engadiu que "os que escribimos non o facemos só coa mente, senón co corpo enteiro" completando coa súa definición da poesía "na que transformamos a realidade do mundo e nosa propia realidade



Eva Veiga, á dereita, cos escritores Luz Pozo Garza e Francisco Fernández Naval, onte

RELACIÓN ENTRE OS MUNDOS TERRESTRE E CELESTE

Con firmeza e solidez

Para Fernández Naval, a poesía de Eva Veiga "é unha luz que ilumina o camiño co que se culmina o pasado, pero tamén sobre o que se soporta o futuro", e que está construída con firmeza e solidez.

Luz Pozo, cunha enorme clarividencia e unha expresión firme e segura, lembrou cando

coñeceu a Eva Veiga nos anos 80 como presentadora de programas culturais e informativos da TVG onde se amosaba "dona dunha grande personalidade". Para Pozo Garza, "a luz é a palabra clave na poesía de Eva e nela hai unha relación grande entre o mundo terrestre e o mundo celeste" ■

en materia espiritual, porque os poetas somos instrumentos da poesía, que é unha necesidade de autoconsciencia."

Bores dixo de Eva que nos seus escritos propoñía moitas preguntas e sempre conseguía dar as respostas, e que no libro agora editado "deixanos ledos e cun sorriso nos beizos".

Foi Fernández Naval o que salientou estes períodos de seis anos entre a publicación de cada un dos seus poemarios, pero aclarou que Eva Veiga "non para nin un momento".